



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

A emerxencia das lenguas románicas

Santiago López Martínez-Morás

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Santiago López Martínez-Morás

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

A EMERXENCIA DAS LINGUAS ROMÁNICAS

Curso 2011-2012

1.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome da asignatura: *A emerxencia das linguas románicas*.
- Código: G5081246.
- Número de créditos ECTS: 6.
- Nome do Grao: Linguas e literaturas modernas
- Particularidades: Integrada no *Maior* de Filoloxía Románica; integrada no *Minor* de Filoloxía Románica (módulo optativo)
- Curso: 2º
- Carácter: Obligatorio no *Maior* de Filoloxía Románica; optativa no *Minor* de Filoloxía Románica.
- Periodo de impartición: 1º cuatrimestre.
- Lingua da docencia: español.
- Prerrequisitos recomendados: dominio das linguas española e galega e alomenos coñecementos gramaticais dunha lingua romance. (Alumnos estranxeiros, nivel B2 de español).
- Horario de clases: Luns, martes e mércores de 12 a 13 horas.
- Datas de exame: 20/01/2012 e 05/07/2012

2.- DATOS DO PROFESOR

- Nome: Santiago López Martínez-Morás
- Correo electrónico: santiago.lopez@usc.es
- Despacho: 106 (1º andar).
- Teléfono: 881-811790

3.- SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

A materia enmárcase no primeiro cuatrimestre do segundo ano do Grao de Linguas e Literaturas Modernas, e é obrigatorio para os alumnos que cursen o *Maior* de Filoloxía Románica.

A materia está enfocada esencialmente a definir as relacións de carácter lingüístico e cultural do latín coas linguas romances nos primeiros séculos de existencia de estas últimas, e a perfilar as condicións da súa penetración no código escrito. Pola dobre condición dos seus contidos, aínda que nun contexto histórico anterior á consolidación dos sistemas literarios, a materia garda relacións evidentes con todas as asignaturas de materias relativas á produción literaria medieval, sobre todo con *A literatura románica medieval no contexto europeo* ou *Fundamentos da literatura románica medieval*, pero tamén con aquelas que desenvolvan determinadas cuestións lingüísticas, sobre todo de carácter histórico. Por tal motivo, a docencia se baseará de forma notable en aspectos de carácter transversal dado que, ademáis da súa

especificidade, a materia poderá servir de apoio para unha mellor comprensión de asignaturas afíns.

4.- TITORÍAS

1º cuadrimestre:	Luns 13-14 horas Martes 10-12 e 13-14 horas Mércores 10-12 horas
2º cuadrimestre	Martes 10-13 horas Mércores 10-13 horas

Titorías personalizadas: marcaráanse as datas en conformidade cos alumnos.

5.- OBXECTIVOS DA MATERIA

a) Relacionados cos novos coñecementos ou habilidades a adquirir na materia:

- Amosar o contexto cultural no que fan a súa aparición os primeiros textos das distintas linguas románicas.
- Analizar os diferentes tipos de textos que neste período conteñen as primeiras referencias romances.
- Proporcionar coñecementos lingüísticos sobre as distintas linguas románicas nas súas fases máis primitivas.
- Aclarar os diferentes graos de dependencia das linguas romances con respecto ao latín no que se refire á súa posta por escrito no período comprendido entre os séculos IX e XI (para a maior parte dos casos).

b) Relacionados co dominio de certas ferramentas de aprendizaxe ou de formación:

- Familiarización co soporte manuscrito das primeiras referencias romances.
- Familiarización cos manuais de Filoloxía Románica e cos manuais de cada lingua romance en particular.

c) Obxectivos vinculados ao Plano de Estudio do Grao e do Maior.

- Proporcionar unha visión xeral da emerxencia e evolución dos textos literarios ata a formación das grandes correntes do século XII.
- Distinguir as características lingüísticas, literarias e culturais das diferentes etapas históricas das linguas romances a partir do coñecemento desta primeira etapa de formación.
- Nun sentido xeral, vincular os contidos da asignatura cos das materias afíns do Maior de Filoloxía Románica e do Grao de Linguas e Literaturas Modernas.

6.- COMPETENCIAS

a) As competencias xenéricas propias do *Maior* en Filoloxía Románica pódense resumir nos seguintes puntos:

- Visión global da familia lingüística románica dende unha perspectiva histórico-comparativa.
- Intercomprensión das linguas románicas actuais.
- Coñecemento e análise comparativa do panorama literario desenvolvido nestas linguas durante a Idade Media.
- Capacidade para editar e interpretar textos medievais en linguas románicas.
- Comprensión da evolución da literatura románica ata a actualidade.
- Uso e elaboración de bases de datos e recursos electrónicos relacionados coas linguas románicas e coa literatura románica medieval.

b) As competencias específicas desta asignatura serían as seguintes:

- Capacidade de distinguir as diferentes características definitorias das linguas románicas.
- Capacidade de distinguir e localizar aqueles elementos do protorromance que non se axusten á gramática latina, ou que poidan asimilarse claramente aos fenómenos propiamente romances.
- Capacidade para distinguir diferentes graos de complexidade nos distintos textos en linguas vulgares.

- Capacidade de entender a produción cultural románica e o seu vínculo coa produción latina.
- Capacidade de recoñecer períodos distintos da historia de Europa marcados pola súa evolución social e cultural.

7.- CONTIDOS

- 1.- Delimitación espazo-temporal para a aparición das primeiras manifestacións escritas en lingua románica
- 2.- Factores que permiten ou determinan a aparición por escrito das variedades vulgares”: o concilio de Tours, a reforma carolinxia, as condicións socio-culturais, etc.
- 3.- Establecemento dos diferentes xéneros literarios románicos. Relación coa literatura mediolatina.
- 4.- Intentos de clasificación dos primeiros textos románicos (Koch, Renzi, Franck-Hartmann).
- 5.- Particularidades do romanés e o sardo.
- 6.- Comentario de textos románicos pertencentes ás distintas linguas¹.

8.- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

(Nota: as obras citadas a continuación tratan na súa maior parte aspectos xerais das linguas románicas e das súas literaturas. Para aspectos particulares, o profesor citará na clase os traballos que considere pertinentes).

Banniard, M., *Du latin aux langues romanes*, Paris, Nathan, 2002.

_, *Viva voce. Communication écrite et communication orale du IVe au IXe siècle en Occident latin*, Paris, 1992.

Curtius, E. R., *Literatura europea y Edad Media latina*, Madrid, 1976 (2ª reimpr.).

¹ Nesta parte se escollerán diferentes textos de diversos graos de dificultade. Se manterá a constante de privilexiar a explicación exhaustiva de documentos franceses por razóns que se especificarán na clase. Se prevé unha certa variación cada ano, pero se tratarán de xeito obligatorio os seguintes textos: *Xuramentos de Estrasburgo*, *Secuencia de Santa Eulalia*, *Bendicións de Clermont-Ferrand*, *Pasión de Ausgburgo*, *Alba de Fleury*, *Noticia de Torto*, *Testamento de Afonso II*, *Nodicia de kesos*, *Indovinello veronese*, *Inscrición da Catacumba de Comodilla*, *Inscrición de San Clemente*, *Carta de Neacsu Cîmpulung*, tradución do *Liber Iudicorum*, *Homilias de Organyá*, *Auto de los Reyes Magos*, *Glosas Emilianenses*, *Privilexio logudorés*.

- Fradejas Rueda, J. M., *Las lenguas románicas*, Madrid, 2010.
- Franck, B. e J. Hartmann, *Inventaire systématique des premiers documents des langues romanes*, Tübingen, 1997.
- Gargallo Gil, J. E. e M. Reina Bastardas (coords.), *Manual de lingüística románica*, Barcelona, 2007.
- Holtus, G., M. Metzeltin e Ch. Schmitt, *Lexikon der romanistischen Linguistik*, Tübingen, vol. II/2, 1995.
- Meneghetti, M^a L., *Le origini delle letterature medievali romanze*, Bari, 1997.
- Monteverdi, A., *Manuale di avviamento agli studi romanzi. Le lingue romanze*, Milano, 1952.
- Renzi, L., *Nuova introduzione alla filologia romanza*, Bologna, 1985.
- Selig, M. et alii, *Le passage à l'écrit des langues romanes*, Tübingen, 1993.
- Tagliavini, C., *Orígenes de las lenguas neolatinas*, México, 1973.
- Vàrvaro, A., *Identità linguistiche e letterarie nell'Europa romanza*, Roma, 2004.
- _, *Literatura románica de la Edad Media*, Barcelona, 1983.
- VV. AA. *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters, vol. I, (Généralités)*, Heidelberg, 1972.
- _, *Latin écrit-roman oral?: de la dichotomisation à la continuité*, Turnhout, Brepols, 2008.
- Wright, R., *Latín tardío y romance temprano (en España y la Francia carolingia)*, Madrid, 1989

9.- METODOLOGÍA DO ENSINO.

As clases teñen maioritariamente unha orientación teórico-práctica, e o profesor irá proporcionando nelas lecturas adicionais para que os alumnos completen as explicacións dadas na clase e dean conta logo dos contidos asimilados nas sesións presenciais, en conformidade co principio de avaliación continua esixido polo actual sistema de estudos. Por este motivo, as intervencións na clase valoraranse de xeito importante, como se indica no punto correspondente.

Ademais, cada estudante deberá preparar individualmente o comentario por escrito de diversos textos de distinta natureza relativos á situación lingüística, cultural e/ou

literaria destes primeiros séculos das linguas romances. O traballo de preparación se desenvolverá de forma preferente nas horas de seminario, pero implica tamén un alto grao de preparación individual non presencial. Os comentarios deberán seguir as especificacións que o profesor indicará na clase.

Existe un horario de titorías personalizadas, destinadas fundamentalmente a resolver as dúbidas suscitadas polas explicacións dadas polo profesor ou a preparación dos comentarios, aínda que tamén se poden utilizar para presentar calquera aspecto de interese para o alumno. Todos os estudantes deberán acudir a estas titorías.

Como corresponde a este método de traballo, os alumnos deben levar ó día o estudo da materia e ir asimilando todos os contidos que se van desenvolvendo. Consecuentemente, a asistencia a clase é obrigatoria. A non participación nalgunha das actividades previstas, xustificada de acordo co previsto na *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*, aprobada polo Consello de Goberno da USC na súa sesión do 25 de marzo de 2010, pode ser suplida cos oportunos traballos substitutorios.

10.- SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O sistema de avaliación, que se efectúa sobre o conxunto do programa, responde á metodoloxía empregada para a aprendizaxe. Establécense, pois, dúas opcións posibles:

1.- Avaliación continua:

Actividade avaliada	Porcentaxe
a) Comentarios feitos na clase a partir das lecturas realizadas	Ata un 10% da nota final
b) Comentarios específicos sobre os textos.	40% da nota final.
c) Proba escrita.	Mínimo de 50 % da nota da materia ² .

2.- Exame final: Conterá preguntas teóricas, un comentario de texto e un comentario dun texto románico. A este exame, que se realizará na data fixada polo Decanato da Facultade, se deberán presentar tamén os alumnos que non acadasen unha cualificación mínima de 5 polo sistema de avaliación continua.

11.- ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS DO CURSO

² Esta última proba é cualitativamente superior a todas as demais, de tal xeito que absorberá a puntuación adxudicada aos comentarios feitos na clase (apartado 1.a) en caso de non ser acadada por esta vía. Eventualmente, esta proba escrita poderá cambiarse por un traballo de maior envergadura que os comentarios habituais se as incidencias do curso o aconsellan, aínda que mantería a mesma porcentaxe na cualificación final que a devandita proba á que substitúe.

- Os comentarios, estruturados temáticamente, se organizan de xeito fundamental en torno ás diferentes leccións, pero non de modo uniforme en extensión e importancia, dado que haberá temas que requiran unha explicación máis exhaustiva que outros e mesmo unha orientación distinta.
- A extensión dos traballos, salvo indicación en sentido contrario, non deberá exceder as tres páxinas con formato 12 Times New Roman (notas en formato 10) a espazo e medio, e deberán ser entregados no prazo dunha semana a partir do final da explicación da lección correspondente.
- Cando a materia de traballo proposta permita interpretacións ou exista a posibilidade de escoller entre varias opcións, os traballos poderán orientarse libremente previa conformidade do profesor.
- Independentemente dos traballos referidos aquí, se entregará unha recensión dun mínimo de cinco páxinas do libro de R. Wright referido na bibliografía básica. O prazo máximo de entrega coincidirá co inicio das vacacións de Nadal.
- A realización destes traballos supón a consulta da bibliografía básica indicada no punto 8. O profesor poderá recomendar a consulta doutros títulos puntuais no proceso de elaboración dos traballos, conforme á nota aclaratoria presente no antedito punto 8.
- Características dos traballos:

LECCIÓN	TRABALLO(S) ³
1.- Delimitación espazo-temporal para a aparición das primeiras manifestacións escritas en lingua románica.	Reflexión sobre as coordenadas xerais e particulares de delimitación de Idade Media vulgar. Particularidades e aplicación da denominación <i>Romania</i> e os seus derivados.
2.- Factores que permiten ou determinan a aparición por escrito das variedades vulgares”: o concilio de Tours, a reforma carolinxia, as condicións socio-culturais, etc.	Oralidade e escrita na Alta Idade Media. O latín merovinxo: características e textos. Os <i>Xuramentos de Estrasburgo</i> como documento fundamental no xurdimento do romance.
3.- Establecemento dos diferentes xéneros literarios románicos. Relación coa literatura mediolatina.	O modelo historiográfico: Eginhardo. A materia antiga e os autores clásicos. Fabulística. Outros xéneros.
4.- Intentos de clasificación dos primeiros textos románicos (Koch, Renzi, Franck-Hartmann).	Aplicar o criterio de clasificación de Koch, de xeito razoado, a dous dos seguintes textos: <i>Privilexio logudorés</i> , <i>Carta de Neacsu Cîmpulung</i> , <i>Lista de vasalos do conde de Forez</i> , <i>Indovinello veronese</i> , <i>Inscrición da catacumba de Comodilla</i> , <i>Chanson de Roland</i> , <i>Cantilène de Sainte Eulalie</i> ,

³ As lecturas mencionadas no apartado 10 non figuran aquí; serán decididas e distribuídas en función da marcha do curso. O seu coñecemento será decisivo tamén para a elaboración dos traballos referidos nesta lista.

	<i>Descort plurilingüe, Alba de Fleury, Noticia de Torto</i> ⁴ .
5.- Particularidades do romanés e o sardo.	Desenvolvemento e influencias do romanés e/ou o sardo. Comentario razoado da influencia do entorno eslavo no caso romanés.
6.- Comentario de textos románicos pertencentes ás distintas linguas.	Contexto cultural e lingüístico dun dos seguintes textos: <i>Auto de los Reyes Magos, Noticia de Kesos, Testamento de Afonso II, Glosas Emilianenses</i> ⁵ .

12.- DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS ACTIVIDADES

Actividade	Horas presenciais	Horas non presenciais	Total
Sesións expositivas e de seminario	48	84	132
Sesión de titorías	3	-	3
Sesións de avaliación	3	12	15
Total	54	96	150 (25 horas/crédito)

As horas non presenciais corresponden ao traballo autónomo do alumno e, polo tanto, responden a unha planificación puramente teórica, dende o momento en que o alumno é o responsable final do seu traballo.

13.- CRONOGRAMA

O presente cronograma é teórico. O profesor non se responsabiliza das incidencias imprevistas do curso que poidan afectar á marcha do mesmo.

Semanas	Temas
[1] 12/09/2011-14/09/2011	Delimitación espazo-temporal para a aparición das primeiras manifestacións escritas en lingua románica

⁴ A lista pode ser ampliada se as necesidades da docencia o fan preciso.

⁵ Permítese a opción de analizar outros textos galego-portugueses ou casteláns. No caso de que se inscriban na asignatura alumnos ERASMUS procedentes doutros países de lingua románica, se lles permitirá a elección dun texto da súa lingua.

[2 a 5] 19/09/2011-11/10/2011	Factores que permiten ou determinan a aparición por escrito das variedades vulgares”: o concilio de Tours, a reforma carolinxia, as condicións socio-culturais, etc.
[6 a 8] 17/10/2011-2/11/2011	Establecemento dos diferentes xéneros literarios románicos. Relación coa literatura mediolatina
[9 a 12] 7/11/2011-30/12/2011	Intentos de clasificación dos primeiros textos románicos (Koch, Renzi, Franck-Hartmann)
[13 a 14] 5/12/2011-12/12/2011	Particularidades do romanés e o sardo
[14 a 16] 13/12/2011-13/01/2012	Comentario de textos románicos pertencentes ás distintas linguas

A datas refírense a semanas lectivas do curso 2011-2012 e, ao igual que a distribución do traballo autónomo do alumno, ten unha aplicación teórica que non da conta das incidencias na marcha do curso.

14.- RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDO DA MATERIA

Asistir ás clases, realizar as lecturas indicadas e levar ao día o estudo dos textos. Acudir ás titorías sempre que se presente un problema ou dúbida na marcha da materia.